

# A. N. O. S. A. T. E. R. R. A

## BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

### PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña ó mes, 40 cts. Fora trimestre, 1'50 ptas.  
Coste d'un número, 15 América id... 2

PAGO ADIANTADO

### NUMERO 107

A CRUÑA 5 DE NADAL DE 1919

### Redacción e Administración:

PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO  
(Irmandade da Fala)

### NAMENTRAS ARROUTAN OS OITOCENTISTAS

## Decatádevos do qu'é o Nazonalismo galego

Unhas veces son as ultradireitas a chamarnos ateos: outras veces son os isquerdistas verbaleiros, restos moribundos do pensamento sen fondo do estúpido século XIX, quenes din que os nazonalistas galegos, o mesmo que as «Irmandades» somos reaccionarios i-escabel ou escudo de caciques.

¡Estamos apañados! Os dereitistas acusándonos d'isquerdistas, os isquerdistas chamándonos dereitistas. A ver si se poñen d'acordo pra enxuciarnos ben, namentras nós, sendo a única representación galega de Galicia—pois ¿onde hai outra nen boa nen cativa?—seguimol-o noso camiño, mais cheio d'espigas que de flores, com'o sigue a casta Diana sen facer caso dos cás ou-beantes...

As duas intolerancias, a roxa i-a negra, que forman unha das tres esceucións vergoñosas que sinalou Cánovas pra diferenciar á Hespaña d'Europa, queren esmagarnos a beneficio e maior gloria dos que asoballan i-escrivizan a nosa Terra dend'o século XV. As duas intolerancias, valeiras d'idealismo e fallas de sentimento natural, queren ergerse contra de nós. E nós entr'elas e por riba d'elas, somos unha forza indestrutible e destrutora, tolerante pra tódalas ideas nobres, amiga de tódolos xeitos progresivos e intolerante tan só pr'ós que conseente ou inconscientemente opóñense á liberdade do noso chán e do noso espírito racial, onde xermola un porvir glorioso e fecundo capaz de permitirenos colaborar, por virtude diferenciadora, na solidaridá universal da cultura, de que falara Gu-yau.

Ninguén pódenos acusar sen ternos conecido. Pra conecernos é preciso habere lido as páxinas d'este boletín, desque saíu á publicidade, habere ouvido

os nosos ouradores nos mitís e nas conferencias de propaganda. D'aquela só os imbéciles i-os ñorantes, que condena Pondal, terán a ousadía de chamarnos ateos ou retrógrados. Pois nen o ateísmo rezou en ningures e os nosos problemas, nen o reaccionarismo fixo endexamais niño nos nosos miolos. Fumos sempre «novecentistas», apóstoles da modernidade, abertos a tódalas audacias dos tempos novos, partidarios acesos da liberdá da Terra que traiga após de si a liberdá dos homes que traballan e viven na Terra. Fumos sempre simpatizantes con tódalas rebeldías xenerosas. Arrimámola a nosa hombraira, moza e san, a tódalas cruzadas pola cidadanía e a tódalas loitas polo esnaquizamento do caciquismo. Sufrimos persecucións e fixemos sacrificios. Trouxemos a Galicia, primeiro que ninguén, as esenciais dos radicalismos mais fondos e latexantes alén das fronteiras da apodrecida Hespaña. I-o pautare, cant'o coidamos comente con persoas e partidos alleos a nós e alleos á nosa Terra, fixémoslo e'o decoro que compre a quenes nunca, en troques de nada, saben hipotecaren a indepedenza espiritoal e material, porque son, enantes de todo, señores mo-raes por natureza, os únicos aristócratas—de xeito anímico—, os primeiros aristócratas galegos da Idá Moderna.

Galicia economicamente é escrava, tan escrava que nunca xurdirá pra por-se ó nivel d'outros pobos iguaes a ela por natureza, namentras non se redima dos bárbaros arancés centralistas. Galicia espiritoalmente é mais escrava aínda, pois non ten, xa non, unha cultura propia en fala allea, que nen si-quer unha cultura allea en fala propia. D'un lado o traballo propio, qu'emprega a lingoa nativa, esmagado pol-as

aduanas e dirixido pol-a tralla de maioraes estranos, dentro d'un atraso material fondísimo. D'outro lado unha cultura allea, en fala allea ó campo i-á mariña, que non chega á Galicia traballadora, rifada con tódalas arelas da raza. D'un lado o distanzamento do veciño Portugal; d'outro lado o abandono da Terra pol-os millores: esa emigración que nos seleuciona ó revés des-galeguizando á mocidade sana. E total: un territorio con habitantes, cada vez mais lonxe de se poder chamar un pobo con cidadaos, un pobo «civilizado»—que só son civilizados os pobos que teñen unha vida «civil», froito d'unha «civilización» autóctona. D'outro xeito non se pode aspirare a ter Estoria. ¡ai das Terras que non soñan con téla e renuncian as posibilidades de faceren por téla...! Faltaralles o «elán» vital que crea a persoalidá que devén progreso e o progreso fecundo que resella o cuño da persoalidá, feito fervenza d'estímulos sentimentaes...

¡E pra termar d'isto e propagar isto percísase ser ateos? E termando d'isto e propaagndo isto faise un reaccionario? ¡Colle nengún cacique n'un apostolado de somellante xeito!

¡Reaccionarios! Nós conecemos republicanos que o son; nós conecemos católicos, en troques, radicaes i-avanzados e revolucionarios no aspecto social. Pois republicano, pode ser burgués, e cacique—dígaos Nákens—e defensor dos intrses creados. E católico, pode non ser burgués, e pode arelar e axudar a tódalas transformaciós sociais. Liberaes, son moitos pobos relixiosos. Bélxica, verbigracia, e Inglaterra, por non citarmos mais que duas terras onde o catolicismo i-o protestantismo teñen imensidá de prosélitos. As loitas de relixión xa non as hai senón na Hespaña e na Turquía. I-os nazonalistas galegos, endexamais perguntamos a ninguén dos nosos que confesionalismo sentía, que idea política profesaba. Socialista, republicano, monárquico, católico, protestante ou ateo, todos son compatibles c'o credo da redención galega que se afinsa no conqueri-

mento da autonomía integral. O día que fiquen separada a Irexia do Estado, o que traxerá a liberdade de cultos, o problema relixioso deixará de sêlo, o mesmo que deixou en Cuba, tan axiña com'a bandeira d'España arriose no Morro.

Inda que fôsemos católicos todos ou todos ateos, os nazionalistas galegos non poderíamos proclamar unha confesionalidá ou unha aconfesionalidá, porque nós loitamos pra facer unha Galicia constituída. I-a Galicia constituída seraio nas suas leis, pol-o sufraxio das maiorías.

O mesmo pódese falar das formas de Goberno. Pí y Margall, prefería unha Monarquía federal a unha República unitaria. Nós, o mesmo. E advertimos que tódol-os federaes, monárquicos ou republicanos, poden seren nacionalistas. En troques os nacionalistas non poden seren federaes samente.

¿Lémbrense os intolerantes da dereita e da esquerda da Solidaridá catalana? N'aquela Solidaridá—de xentes de todal-as crências—Salmerón fora o caudillo. E caudillo da Solidaridá galega, fora outro isquerdista. E na Solidaridá galega figuraron algúns radicais de "doublée" que agora queren combatírenos. E con nosco s'aliaron mais d'unha vez.

E s'en cousas do xeito d'aquelas «Solidaridás» isto era lóxico, ¿canto mais non ten de sêlo n'un pleito nazionalista?

Aman á Nación i-a Nación ama por igual a todos: homes d'esta ou aquela crência relixiosa, cultural e política. Católicos i-ateos, republicanos e monárquicos, nas trincheiras foron sô soldados.

Hasta o sindicalismo, según Trosky, haberá que orgaizalo de xeito nazionalista, atendendo ás nazionalidades naturais...

A. VILLAR PONTE.

## Liñas de loito

Finóuse no Ferrol o popular compositor don Francisco Piñeiro. Era iste un músico enxebre, cheo d'inspiración que deixa feitas algunhas obras galegas Nmoi conecidas e gabadas, coma «¿Quén ten o mozo?» e «Como chove».

Nós que agarimamos fundamente a cantos traballaron e traballan por erguer os valores da nosa Terra, oxe adicámoslle unha lembranza sintida ao bó galego Piñeiro.

Suscríbese V. A NOSA TERRA

## Contos escollidos

# A LABERCA

### I

Chamábanlle así a unha moza de vinte e dous anos inda non compridos.

Puxéronlle Laberca, porque cantaba moi ben, e polas mañans cedo, era coma un paxariño que espertaba cos seus cántecos todo-los veciños, que por certo, esperaban as cantigas co'a mesma ansia e desexo que se pon na saída do sol do novo día.

¿Qué linda, e que ben cantaba a Laberca!

Deus andara un día un anxo ó ceo, mais perdeuse no camiño, e viu á terra; por iso a Laberca s'alcontraba antre nós.

¿Mais agora... nin canta, nin está linda...!

¿Probiña Laberca! ¿Qué lle pasou entón?

¿Qué tibo, que tibo a Laberca?

Curazón, alma, sentimento...

¿Ai! Laberca, Laberca, ben se ve que ti non eras d'este mundo, qu'eras un anxo pró ceo...

Pra vivir na terra, hai que ter o curazón de ferro, e á i-alma soprarlle pra que suba moito, moito...

### II

Cando a Laberca tiña dezaioito anos, estaba bonita, bonita. Entón un mozo siñorito ven por dela, e aló enmarañouna co'as suas parolas hastra qu'ela parbiña por ele, non vía mais que por aqueles ollos que se fixeran donos do seu sentimento.

¿Qué días de felicidade! Metidiña nun piso que daba ó tellado, soíña, traballando pra fora na costura, tiña a idea no seu amore e olvidábase da pobreza que había comer.

A boca-noite unha man batía na porta moi quediño, i ela en dous pulos despechaba e abría. O ver ó seu amante, botaba seus brazos por dele, e un bieo cheo de amore decíalle canto asperara aquele momento o que lembrara nele aquela cabeciña soñadora, nobre, sin inganos...

—Meu ben, meu Manoliño, séntate eiquí.

—¿Laberquiña! ¿coma pasache lo día?

—Moi contente, antre estas paredes, pensando sempre en tí, ollando prá porta, asperando sempre os teus golpiños cos cotobelos. Agora xa te teño ó meu lado, xa sinto o teu calore qu'é a miña vida.

—¿Tua vida?

—Si, miña vida; si me faltase esta calore morrería de certo...

—Non Laberquiña, non, podería che-

gar un día en qu'eu tivera que me dir d'eiquí, ou poidera morrere, mais por iso tí...

—Morrería; meu amor é mais forte c'a min, e si non morrera matábame, i-érache a mesma conta. Cando se que-re co'a i-alma toda, a vontade foixe e quen manda é o qu'está dentro. Terto ou dereito, hai que facer o que bulé ros miolos.

—Mais iso non-o quero eu.

—E qu'emporta que ti non queiras, nin eu tampouco, si agora xa non son dona de min; iso podía sere cando ti escomezabas a namorarme, mais agora, nin mandas ti, nin mando eu, manda ele... o amor, e o amor non admite consellos.

—E certo, mais é qu'eu non sei o que será mañán de ti, dame medo de pensalo...

—Non me digas iso por Deus diviño, que a cobardía é filla da traición e penso que poidas enganarme; mira que hai pol-o medio mais do que ti pensas...

—Non te entendo ¿qu'é...?

A Laberquiña sentóuselle no colo e achegadiña a ele, díxolle á orella moi baixiño, moi baixiño

—¿Qué me dices? Iso non pode sere, ti estás tóla Laberquiña?

—Non estou tóla, non. Non ehe dixen nada denantes porqu'eu ben sei que isto que pra min é gloria, pra tí é unha tristura moi grande.

—¿E porqué ha sê-o? Seríao, si non te quixera.

—Mais ¿ti estás contente?

—¿Non hei estáre?

—¿Ai! Manoliño, que ledicia me dás; vólvome tóla; ¿cantos biquiños lle agardan ó inocente! ¿Ai! meu bonitiño que xa me parés que o teño antr'os brazos, meu curazón afiámase solo en pensalo...

### III

Pasou un ano, e un día de aquel ano, o Manolo fuxiu, e con ele, a legría d'aquel corrunchiño da vila. A Laberquiña morría de dôr e de fame, e a tisis roe que roe, ía dando contra dela.

O nenho que tanto agarimaba contra do seu seo, tiña deitadiño nun queixón por medo a pegarlle o mal; Pobre naiciña! Non podía darlle bicos ó seu fillo....!

Polo serán petáronlle á porta. Era a xunta de sanidá; visto o caso, acordano leval-o neno á inclusa, e a nai ó hospital.

Ela, oíu e calou...

Oubo silencio na alcoba, ningún se

## TEATRO GALEGO

## As veladas da "Irmandade,"

À «Irmandade» da Cruña inaugurou as suag veladas teatraes i-artísticas de xeito moi brillante.

No seu escenario feituquiño, estrenáronse xa dúas obras galegas: «Entre dous alismos», drama granguílolesco, e o paratempo cómico de Charlón i Herriña, «O Manciñeiro». Tamén se reprisou a comedia portuguesa «Unha Anecdota».

Axiña faceránse outras veladas, onde ademais do estreno de obras dos mellores escritores galegos, feitas adrede pr'á «Irmandade», orgaizaránse sesións de música enxebre.

As artistas da seición de declamación, son todas elas fermosas e cultas señoritas, que conquiren moitas gabanzas e que provan seren moi patriotas. Os artistas, son rapaces de gran valimento.

Limos n'un xornal do Ferrol, que axiña háse estrenar alí, con gran propiedade, a fermosa i-orixinal comedia do irmao Xaime Quintanilla, nomeada «Donosiña».

As decoraciós vénas pintando o notable escenógrafo Camilo Díaz.

Como coñecemos a comedia de Quin-

tanilla, podemos adiantar que conquerrá un éisito grande.

E quizais a obra mais forte e mais xenial de cantas hastra agora se teñen escrito no galego.

Inda que Quintanilla xa prepara outras millores aínda.

## Postal d'Ourense

(Despois d'unha xuntanza que tiveron os irmaos Risco, Noguerol, Blanco Torres, Montes e Cabanillas, enviaron á «Irmandade» da Cruña o que sigue:

Saudades. Galicia somos nós.  
Saudos e lembranzas pra todos de  
VICENTE RISCO.

¡Terra!  
O medo dos nemigos é un elemento  
que colabora en tódol-os move-  
mentos.

ARTURO NOGUEROL.  
Nacionalismo e revolución  
B. BLANCO TORRES.

¡Saudade, non! O menos no  
conceuto d'evocación do pasado  
pra volvel-o vivire. Esperanza e  
Fé.

EUXENIO MONTES.  
¡Terra a nosa!  
RAMON CABANILLAS.

Sexamos activos. Sempre en pe.  
A non dormirmos mais i-a trabá-  
llar moito, sen acougo. Asin pen-  
samos eu e o Castelao.  
A. LOSADA DIEGUEZ.

astrevía a dar un pío, todos se afoga-  
ban de dór, a pena botouse a todos e  
todos calaron. Entón o inspeutor dixo:  
Sñora, despídase do seu filliño, que  
imos leval-o.

A Laberquiña, correu a éle, pra en-  
chelo de bicos por derradeira vez, mais  
lembrouse que aqueles bicos podían ser  
a morte do neno, a picadura da víbora  
da tisis, e valente coma unha heroíña,  
recuando, c'os ollos cheos de bágoas de  
sangue, e berrando, adoecida dixo:

—¡ Non, matalo non, matalo non; eu  
á cova, e ti, meu filliño, á vida. Voa  
meu riquiño... voa... que meus bicos  
han d'ire tras de ti, coma amores, con  
áas de étere arrincados á miña carne  
pódre...! ¡Voa... voa...! ¡Ti á vida,  
i-éu á cova....

Mais tarde, o amor quedaba rachado  
antr'o hospital e a inclusa...

XOSE PALACIOS.

Na Louriña (Porriño), 1919.

Prás mozas da miña  
terra

Mociñas alegres q'o son do punteiro  
Bailastes outr' hora comigo na fia,  
Trembando de meda do bico primeiro  
Q'a berro-os beizos ardendo pedían.

Mociñas q'eu quixen mociñas q'eu  
[quero

Nos beizos levadel-o mel des amores,  
Pos ollos o lume q'acende no peito  
As grandes fogueiras q'abrasan os hor-  
[nes

Amanda, Maruxa, Puríña, Dolores,  
Riseiras mociñas con quen eu bailaba:  
Nemidos de chuchas y-aromas de frores  
Q'o tempo desfolla no fondo day-alma.

Moi lonxe dos meigos ollíños das nenás  
Q'o fogo acenderon no seu corazón,  
Aromas d'incenso lles mand'o poeta,  
Lembrand'o pasado q'o tempo borrou.

ENRIQUE BATAN.

Mondoñedo, 14-11-919.

## Síntomas bós

En Santiago váise facer unha Tuna  
pr'ó prósimo antroido, que pensa re-  
correre algunhas poboaciós de Galicia  
e outras de Castela e Euskadi.

Ista Tuna, levará un coro enxebre,  
composto de 16 voces e gaita. Levará  
tamén poesías dos millores poetas no-  
sos pra lêlas nós concertos que dea.

Pouco a pouco o espírito das «Ir-  
mandades» vai deitando en todo.

A galeguización, inda que paseniña-  
mente, xurde a cotío.

O trunfo derradeiro chámase vounta-  
de e fé.

## A voz dos mortos

## Terra esquencida

Tiñan soilo o pobre amparo  
do fillo qu'iba pr'a guerra,  
y-andaba él dado o demo  
e chora que chora ela:  
pro sentiron os salayos  
da patria que a tantas penas  
fan pasar catro «xudíos»  
que car'o calvario a levan,  
e calou a boca o vello,  
e calou a boca a vella,  
E cand'o irse osou Fuco  
lle foron a dal-a aperta  
dixolle o pai, salucando:  
Meu filliño, nunca esquenzas  
que millor quero non verte  
hastr'o ceio, se a cabeza  
n'as de erguer como eu a erguín

Y-asi son sempre pra España  
cs patrucios d'esta terra  
esquencida, qu'española  
nunca chamarse debera.

M. LEIRAS PULPEIRO.



Cuadro de Arturo Cersa

## CARTAS DA ALDEA

Meus irmáns e lectores amigos: Volvo a reanudar estas cartas o mesmo día en que o Nadal saudounos c'uns chubascos feros e abondosos. Estamos xa no tempo en que o lar nos convida c'os seus mornos agarimos, e o ambiente, toco e tristeiro, esconrréntanos con ameazantes funguidos e medoñentos rumores. Chegou o inverno tan temido por algúns e para min moi amado.

Agora é cando eu me atopo a min mesmo e sosteño connigo as conversas íntimas que amostran a miña propia vida.

N-esta soedade melancónica, na paz de esta miña aldea, paso horas profundas no esmorecemento dos seráns escuros, diante d'as labaradas crepitantes do fogar aceso. Non quero decirvos que algunha que outra vez remollo a gorxa e unha cunquiña de viño ribeirón, porque esta confesión quizáis non fose por todos santamente interpretada. Boeno, o caso é que eu, coma un bendito abade indíxena, cuáseque tumbado nun sillón de coiro, vou tirando da trenza dos meus pensamentos, arrolado polo doce marmular do lume, e o rezongar do vento e da chuva.

Lémbrome ter lido algo dos espíritos que viven nas chomas. De cote dubidéi da súa eistencia; pero onte, abofellas, que os vin e que os escoitei. Se non queredes créelo non o creades. O certo é que eisten para min, pois vinos e ouinos.

Eu dormichaba i-eles comenzaron a movérense paseniño e a falaren quedamente. Non poderé decirvos as formas que sucesivamente tomaban e trocaban n-o resprandore vivo do fogo espréndido, porque a súa inmaterialidade non deixa traducirse en verbas materiais.

Tampouco seré capaz de espricarvos a música do seu linguaxe pol-a mesma causa, soio si aseguro que o idioma que usaban era, como non podía ser menos, o galego, pois o meu corazón satisfaciase con voluptosidade e a i-al-e ased 'atunawaripawep vupwene nu sonoridade armoñosa dos soídos, e a cadencia prolongada do cantareiro rumor.

Ouñlles algo inespricabre e meiguiceiro d'un porvir venturoso pra a nosa terra, e unhas laudanzas xusticieiras pra os valentes campeóns da santa causa galega.

¡Oh! Inda non comprendo ben o meu atrevimento. A pesare do arroubo en que estaba sumido barballéi unhas palabras de dúbida. Dixen:

—Espíritos: ¿Non son fortes tamén os espíritos dos nosos homes ilustrados? Pois vede coma eles cando me preguntan pol-o noso ideal e as nosas cousas e os nosos soños de rapaces inespertos, pregan os beizos n-unha sorriso de lástima e compasión ¿Póidense engadar tantos médicos, abogados e boticarios que pasaron pol-as aulas da compostelana Universidade, e, despreciando a nosa idealidade, abranguense ao outo pensamento que se encerra n-a médula dos grandes partidos históricos que labraron esta grandeza hespañola actual? Espíritos: ¿non vedes coma se bulran de nós cando falamos n-este querendoso falar qu'eles chaman inculto e digno só de gardare nas frías vidrieiras d'un museo de antiguallos? Os señores graves, repousados e pensadores despréciannos e pergúntannos ¿Cántos deputados, e ministros, senadores ou directores xenerales fono á vosa asambreira nazonalista?

Ao chegar eiquí estoupou o lar n-unha labarada de fogo e resonou n-unha carcaxada. Os espíritos brincaron entre as charamuscas e sobiron pol-a chimenea. Fuxían e aló enriba berraban: Tolo, tolo.

Dígovos, amigos, que me arrepentin enseguida do meu disparate, pois perdín a felicidade da compañía dos espíritos do lume.

¿Qué rayos terán estes políticos que con sô nomeales desfánse hastra os soños mais amabres?

Teño a esperanza de que voltarán os espíritos ao meu fogar e xuro que non-os esconrrentarei novamente co'as miñas parvadas.

Hastra outra.

GONZALO LOPEZ ABENTE.  
Muxía, primeiro de Nadal.

### Novas da causa

## Os estudantes traballarán por Galicia

A Asambleia de Santiago, asin pol-os asuntos d'intrés pr'a nosa Terra que alí concretáronse, e se teñen aprobado, como pol-a sementeira que ficou feita, foi de fondo proveito.

Escrévennos unhos amigos compostelás e nos din que aquela «Irmandade» xurde ateigada d'entusiasmo; que as parvadas d'algús cursis escravos do centralismo que levan as cadeas da escravitude apreixadas na i-alma e nos miolos livianos unha noxenta cobiza de medo, fixeron latexar nós corazóns de moitos estudantes da Universidade a arela do santo ideal de redenzón da Pátria, levándoos a pensaren n'unha forte i-enxebre-orgaización que responderá ó nome de «Xuventude Nazonalista».

Xa a mocedá de sapos vai ficando afundida baixo dos pes barudos da mocedá d'estrelas.

As «Irmandades» cada vez mais re-xas, cada vez mais puras i-esgrevias, limpas de lixos fedentos, van ó outo.

A redenzón da Pátria ha ser obra da mocedade. Onde haxa un rapáz que sinta a Galicia que se dirixa ás «Irmandades».

Queremos recoller en listas patrióticas os nomes dos bós galegos, dos galegos ós que o porvire cinguirá loureiros trunfaes.

Prégase a todol-os suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao adeministrador pra facer a reclamación no correo.

Prégase asimesmo aos que teñen a suscripción en descuberto, remitan o importe pol-o xiro postal.

3  
 tradición loitando valentemente, terra-  
 estranxeiro en Madrid, ríton cón  
 ten as raíces n'a terra e os ollos n'o  
 facendo Arte belga e o pobo galego que  
 O pobo belga renovou a súa tradición  
 d' emigraren a Bruxelas.  
 en Bruxas, non sintiron ningún desexo  
 que traballan en Gante, en Amberes,  
 dualidade moi marcada e os artistas  
 as primeiras cibdas teñen unha indivi-  
 tonse sempre amigos d'o centralismo;  
 n-a valentemente. Os belgas manteve-  
 algúns artistas belgas emprendero-  
 Agardábase unha reforma máis outa e  
 seu carácter antigo: en Inglaterra.  
 Por soupo gardar a súa autonomía e o  
 zón estética estaba n'a razón que me-  
 nacional: «Fixémonos en que a revolun-  
 contr'o movemento centralista e inter-  
 «O arte d'hoxe» falando d'a reacción  
 Florens-Gevaert din os n'o seu libro  
 tropicis.  
 que n'a nosa terra fixo verdadeiros es-  
 fontes de Arte. E fenómeno universal  
 ra íhan en camiño de cegar todalas  
 tralismo e pervertidas por aires de fo-  
 tar as arelas artísticas d'as nacións. En  
 zonal á xunta, íhan en camiño de ma-  
 O movemento centralizador e interna-  
 galegos d'o século XX.  
 pra erguer a máis outa vergonza d'os  
 lega, traballou con todolos seus folgos  
 qu' é catedrático d'a Universidade ga-  
 d'a praza un alcalde de Compostela,  
 ses séculos d'ouro, e n'o medio e medio

20  
 dinos tamén: «Mais o Arte é faguer  
 sentir á outros homes os sentimentos  
 d'o artista? Coma, pois, pode ensiñar-  
 se iso n'as escolas?» De maneira que  
 son sentimentos ou emocións o qu'eis-  
 presa o artista. ¿E quén lles da ós ho-  
 mes os sentimentos que teñen? Pol-as  
 miñas contas, en non perdend'o tempo  
 con razóns científicas qu'atoparíamos de  
 camiño, a terra ou mellor dito o paisa-  
 xe é quen vai traballando, pouco a pou-  
 co, os sentimentos d'os homes, a terra  
 é a que dá persoalidade. A razón de  
 que o Arte galego dea máis emoción ós  
 galegos que ós alleos non pode sere máis  
 que a de xuntar mellor a maneira de  
 aitividade d'o artista galego co-a d'os  
 demais galegos, pois todos nós temos  
 n'o peito os mesmos ritmos suxeridos pol-  
 o pais. Todos nós temos n'o senti-  
 mer d'allo d'a terra, os mesmos  
 mat  
 Se o Arte é fillo d'o paisaxe e d'o  
 temperamento d'o artista, d'a mesma  
 maneira que o vexetal é fillo d'a terra  
 e d'a semente, ben poidera qu'alguns  
 parvos d'eiquí fosen xenios n'outros  
 paisaxes idóneos.  
 Que os homes d'a cibdá se decaten  
 que o progreso verdadeiro non pode ir  
 car'a unidaa, senón car'a harmonía;  
 que os homes d'a cibdá non ollan ós no-  
 sos paisanos coma se fosen cousas. Eles,  
 os paisanos, teñen o seu Arte ben de-  
 finido e os homes d'as cibdas galegas

24  
 ha pintura galega que a forza deben de  
 influir en Góngales, cando Galicia era  
 o corazón da cultura peninsular, parés  
 que se van tocando en feitos e o des-  
 cubrimento d'alguns frescos dos séculos  
 XIV e XV n'algúns trezas nosas. N'o  
 tocante ó carácter flamengo da nosa  
 pintura dime Hisco n'unha carta:  
 «Non compra a influencia de ningún  
 pintor, nin que Van Dyck viñese á  
 Portugal nin que ningún portugués  
 nin galego fose á Flandes, pra se pare-  
 geren os nosos pintores os flamengos.  
 Iso faino o clima. A pretema ten á  
 forza que nos facer coloristas como fi-  
 xo os flamengos e máis os venecianos.  
 Iso xa o oserou Laine ré un lugar  
 comune. Laine ré un lugar  
 Estas verdadeiras notas non están  
 senon que ínan a razón d'as miñas ra-  
 zóns, pois elas demostran qu'esquece-  
 mos n'as tradicións e que somente  
 voltando a ela atoparemos o verdadeiro  
 camiño para a arte galega»  
 dos e de moito cor. Mais... comple que  
 veñan os pintores n'o inverno, cando  
 as pedras d'as casas reven auga, cando  
 están despidos os albes; comple que  
 veñan cando renasce o verde d'os cam-  
 pos e os piteiros d'os montes semellan-  
 dos candeiros xigantes teñen n'as don-  
 las millares de velas; comple que ve-  
 ñan tamén cando a terra cheira versos

21  
 non levan a vida human ningún senti-  
 mento novo, grande e xeneroso. A no-  
 sa música galega é d'os paisanos, tamén  
 temos unha poesía popular e danzas  
 populares que fan de Galicia unha ter-  
 rra bendecida por Deus e loubada pol-  
 las fadas. ¿E que fixeron os nosos ar-  
 tistas d'as cibdas? Nada, nada, nada.  
 Samente temos bós poetas galegos por-  
 qu'a poesía non requer estudos, pois,  
 coma dí non sei quen, «se se tratara  
 d'a cencia d'os libros abundarian dez  
 minutos pra saber escribir en verso»;  
 e com'a poesía nasce n'a terra, nós te-  
 mos unha poesía nosa, coma temos pi-  
 ñeiros n'os montes y-erbas n'os cam-  
 pos. A pintura non é Arte d'o pobo;  
 a pintura non nasce antr'os toxos d'o  
 monte, e por iso Galicia, dona d'un  
 Arte seu, non ten pintura, porqu'as  
 cibdas non saben crear artistas. E ago-  
 ra compre dicir qu' as cibdas galegas  
 non teñen artistas por non seren gale-  
 gas. Foran galegas as cibdas d'a nosa  
 terra e axiña xurdiría un «Arte uni-  
 versal» forte ó mesmo tempo saudoso,  
 que nos erguería d'a miseria espiri-  
 tual en que vivimos.  
 Fallas as cibdas de verdadeira cen-  
 cia non crían máis que virtuosos: ma-  
 tan artistas e manteñen malos falsifi-  
 cadores de artes alleos.  
 Eu, c'os anos que teño (que non son  
 moitos) vin xurdir algúns artistas  
 checos de arelas pol-o conqwerimento

Oviedo Arce, sobor da existenciá d'un-  
 rado, mantidas pol-o optimismo de  
 nio da raza. As conxecturas de Riquet-  
 sospéscimos seguir o camiño dese xe-  
 Castela e o que ganaría o Arte se nos  
 galvas a Velazquez ou de Portugal a  
 d'espírito a pintura o pasar de Gon-  
 podemos decataranos do que perden  
 demos considerar como nosa. Tamén  
 fluencias hamega e máis Italianas, po-  
 unha escola, que  
 que pensar que Gongalves foi o cume  
 ler o que del escribiu Figueiredo temos  
 e aínda pode ser pra nós. Despois de  
 fizar reproducións das súas táboas e  
 e aínda pode ser pra nós. Despois de  
 podía decatarame do que Gongalves foi  
 non coñecendo de vista o seu Arte, non  
 cadao coma pintor da escola hamega e  
 face-o mestre de Corredoiro. Clasi-  
 vaso de viño» do Museo do Louvre atá  
 atribuírle a paternidade do «homo do  
 se moito do pintor portugués, dende  
 galves. N'estes derradeiros anos falou-  
 guereido, sobor do pintor Nuno Gon-  
 Ilustre crítico portugués Xosé de Fi-  
 no caíu n'as miñas mans un libro do

sol, son mulleres de panos moi rama-  
 de vran en Galicia. Son paisaxes de  
 se chamam galegas teñen unha migalla  
 cia; pero veñen n'o vran. As obras que  
 tipos e paisaxes, veñen agora a Gal-  
 tes andaban buscando en terras alleas  
 xo que os galegos pintores que denan-

d'un nome ben ganado, e vin tamén  
 coma iña morrendo o seu espírito n'as  
 escolas de arte. Cando espertou n'eles  
 o desexo de seren artistas faguían sem-  
 pre cousas d'a terra: monicreques de  
 barro, dibuxos de carballos, muñeiri-  
 ras... e dispois n'as escolas iñan dei-  
 xando a súa i-alma n'os estudos pra re-  
 matar en virtuosos d'o aceite de liñaza,  
 ou virtuosos d'o yeso, ou compondores  
 de polkas pra bandas... E unha des-  
 feita! Dá verdadeiro noxo pensar com-  
 o verme d'o centralismo foi comen-  
 do solemniamente o galeguismo d'as  
 cibdás e d'as vilas nosas.

Dende fai algúns anos escóitase fa-  
 lar de pintura galéga? Ula? Eu non-a  
 vexo en ningures; eu samente vexo  
 que Baskonia xurde c'unha pintura  
 baruda e chea de zume d'as terras for-  
 tes d'o norte; mais non vexo a pintu-  
 ra galéga? Onde está a nosa escola de  
 pintura? Coma se chama o pai d'a  
 nosa pintura? Qué táboas ou que len-  
 zos se pintaron en galego? Onde es-  
 tán os nosos primitivos ou pol-o menos  
 os nosos Adans? Eu non vexo máis que  
 a falla, a necesidade, d'unha pintura  
 nosa; eu vexo n'os galegos pintores o  
 bon desexo de voltaren ós primeiros  
 pulós d'a súa i-alma, e teño pra min  
 que xurdirá unha escola de pintura ga-  
 lega, barudamente enxebre. (1) Eu ve-

(1) Despois d'escribir iste trabali-

Muito se fala d'o Arte universal;  
 mais todo Arte ten a súa patria, todo  
 Arte é o froito d'algunha terra. Ahí  
 tendes a teoría de Laine que non por  
 estético senon por historiador lle dare-  
 mos creto. Esquecíamos d'un arte que  
 samente por aceda, bulra se lle pode  
 chamar universal; refírome ó Arte que  
 non pode ser entendido por tod-o mun-  
 do, nin siquera polos chamados inte-  
 lixentes. Eu non ríto con ise Arte; eu  
 quero pensar eiqui a razón de que non  
 fai falla que un Arte, pra sel-o, teña  
 por forza que bater o corazón de todo-  
 los homes. Poucos xenios foron enten-  
 didos polos homes d'o seu tempo e se  
 como así foron xenios. O conto está en  
 garín a conquistar universalidade.  
 Iso medo que teñen moitos galegos de  
 que facendo cousas galégas non poida-  
 mos chegar a Madrid e a mostra máis  
 bairada a súa falla de sentimento ar-  
 tístico, de cultura estética e de socia-  
 bilidade. Eu coído, en troques, que fa-  
 guendo obras galégas, en canto sexan


Os artistas que queren facer «arte  
 universal» pensan sempre en Madrid  
 coma se fosen amas de cría que deixan  
 os fillos propios pra manteren fillos  
 alleos.  
 mente, pra desfacerse d'a súa perso-  
 nidade que o sistema centralista hes-  
 padol condena coma nemiga d'o pro-  
 greso.

de certo boas obras de Arte, irán pol-o  
 mundo adiante. Eu non me teño en  
 tan pouca cousa, coma galego namóra-  
 do d'a miña raza, que con chegar a  
 Madrid o noso Arte xa poidera morrer  
 satisfeito. Non; eu cobizo moito máis;  
 eu quixera que o nome d'a nosa Gal-  
 cia ben amada, fose moito máis alá  
 d'as terras de fala castelán.

Dinos Tolstoi: «O Arte é unha ma-  
 neira de irmandade anrt'os homes que  
 os axunta n'un mesmo sentimento, e,  
 pol-o mesmo, é indispensable pr'a vida  
 d'a humanidade e pr'o seu progreso».  
 E dinos máis adiante: «As cantigas  
 d'un home d'o Tibet ou d'un xaponés  
 no me comoven tanto com'á un tibeta-  
 no ou á un xaponés; mais comóveme.  
 Tamén dame fonda emoción a pintura  
 xaponesa, a arquitectura india e os  
 contos árabes».

E se nós (os galegos, tivésemos un  
 Arte que fose tan suxeridor coma é o  
 paisaxe d'os nosos eidos, chegaríamos á  
 Rusia pra bater o corazón de Tolstoi,  
 d'a mesma maneira que chegou o Arte  
 xaponés, o Arte indio e o Arte árabe.

E dicíamos denantes que todo Arte  
 ten a súa patria, que todo Arte é froito  
 d'algunha terra. «No artista—dinos  
 Jean d'Udine—hay a transformación  
 d'unha emoción en signos, y-en nós hay  
 a transformación d'ises signos en emo-  
 ción» E Tolstoi, rifando co as escolas  
 que teñen por óuxeto ensinar o Arte,



Cuadro de Arturo Cersa

## Prosas galeguistas

### UNHA SOLUCION DE CONTINUIDADE :—

Son estas liñas prosas d'hoxe.

Estabam'ocupando—e non finei aínda, qu'inda falla o prencipal: a secuencia pragmática—da teoría de José de Figueiredo sobre da pintura galego-portuguesa. Mais hoxe teño cousas mais urxentes, e non me cab'o pan no corpo se non vol-as digo.

Pirmeiramente: alguén me pediu unhas impresiós da Asamblea de Santiago. Teño que decirvos qu'eu levaba aló moito que faguer, e non tiven acougo pra ser observado. Mais...

Seguidamente: leín hoxe un artigo sobre do teatro galego, que pol-a calidá do amigo meu qu'o firma, obrigam'a lle replicar...

### DA ASAMBREIA DIGO

Se Santiago escoitou crebal-o silencio das suas pedras vellas por unha forte enunciación d'idealidade.

S'a Vila Santa soupo qu'os galegos que poden «creal-o futuro»—arelas de luz, vontades de sacrificio, asistía de modernidade—están dispostos a liberar á terra.

S'a Cidá Vella sentíu s'abriren grebas nas paredes das Jericós de Filisteísmo.

Foi gracias ás «Irmandades da Fala» Fixos'entre nós unha verdadeira conxunidade espiritual, que é moito mais qu'o mutuo entendimento. Fortement'axuntados, pechad'e rexa a rúbrica cadea, persentámonos onde queira que sexa.

Y-abonda conosco....

Que mais?

Qu'aquél salón da Económica de Santiago estaría moi ben se non s'imitase ó Museu d'«Arte Moderno» de Madrid?

Que por riba da testa correcta de Xil Casares, da enrevesada e rebelde de Villar Ponte, da británicamente'enxebre de Banet Fontenla, aqúil retrato de Carlos III, olland'ó prúbico sreamente, está propio pr'escorrenal-as intencións solapadas e xesuíticas?

### DO TEATRO GALEGO

Non pode ser qu'o meu amigo, o profesor López Aydllo, investigador e literato, autor dramático tamén, hax'escrito o artigo que publicou no «Diario de Orense», ollando simpáticamente ó renacemento da nosa literatura. Leva tanto tempo arredado de nós, o profesor López Aydllo!

Apenas s'o noso teatro principia a rebulir no berce. O profesor López Aydllo non sabe «o que vaíser» o teatro galego.

Dóese de que se produzan obras de teatro «escritos en galego»—primeira proba de desleigamento—de que se repitan os temas, de que tratan d'amores e de política.... Eu creio qu'o profesor López Aydllo, fala dend'o punto de vista non do arte puro, senon dos éxitos de taquilla. Y-esto por dúas razóns: primeiramente por querer que s'esciba en castelán, é decir, con vistas os coliseus de Madrid, a repersentar a Bárcena, ou a Alba, i-a qu'os aplaus'o público de Muñoz Seca... Segundamente, ó pornos d'eixemplo «La Casa de la Troya».

As cousas que di o profesor López Aydllo están moi ben ditas pra cand'un se pon, como Paul Fort, como Lugré Poe, como Peladán, com'os do Teatro d'Arte de Moscou, por riba de todol-os filisteísmos, a facer definicións de puridad artística, cand'un vai citar a Strindberg, a Hamptmaun, a Maeterlinck; non cando se vai citar ó Ibsen da Tauromaquia....

Pode ser qu'a algúns lles guste, i-hastra que lles non conveña, qu'as reivindicacións políticas e sociais se leven ó teatro... Mais, créam'o profesor López Aydllo: s'o pobo galego sint'arelas de liberdade política e social, os dramaturgos galegos fan ben en espresal-o sentir do pobo.

Crea tamén que somentes en galego, se pode facer teatro galego. A fala é o espírito dos pobos—esto sábeo ben o meu amigo. Aogra, se do que se trata é de facer cartos, entón, non compré faguer teatro galego, entón hai qu'escibir «astracanadas...» Tamén di qu'as obras qu'il coñece, están escritas n'ua galego falso e mistificado. E curioso que falen eisi todol-os que non saben escribir en galego. Y-esto non vai polo amigo Aydllo, de quen nunca soupen de qu'c escribise nin de qu'o falase, mais cóstame qu'o sabe ben pol-os seus notables estudos de literatura galega da Edade Media, que comenzou baixo a dirección do eminente Saíd Armesto, e logo seguiu, hasta producirse cousas tan boas com'a escolma das «Millores poesías galegas»—onde por certo falla Pondal—i-a edición crítica, con estudio previo, do «Códice Calixtino» que titula «Os Mirages de Santiago».

O noso teatro será hastra d'agora costumbrista e plebeio. Pois mais vale que sexa d'iste xeito, e non que sexa unha imitación da pésima literatura qu'ench'os teatros da Corte.

O teatro galego xa fará o seu camiño. Despois d'«A man de Santiña» de Cabanillas, despois da «Donosiña» de Xaime Quintanilla, temos dereito a agardar algo. O que aseguro é que non hemos ir buscal-os nosos mestres nos arredores da Porta do Sol.

VICENTE RISCO.

## De Portugal

Viana-do-Castelo, 9 de Novembro 1919  
Exmo. Señor Director de A NOSA TERRA,

Corunha:

En nome do Instituto Histórico do Minho, penhoradamente agradeço a usted Ex<sup>a</sup>. a amável gentileza do ofrecimento do precioso «Boletín» das patrióticas «Irmandades da Fala» em Ga



Quadro de Arturo Cersa

licia e nas colonias galegas da América e de Portugal.

Empenhado como está o Instituto na intimidade luso-galaica, a vossa brillante Revista é lida na Biblioteca deste anexo da Academia de Ciências da nación irmá d'alén o Miño. E un com verdadeiro prazér e aproveitamento, tanto mais que a alguns de nós (e a esse número me honro de pertencer) vivamente interessa e merece a maior simpatía a cruzada santa, em que andais envolvidos, do ressurgimento do «galeguismo».

Faço a V. Ex<sup>a</sup>. os meus respetosos cumprimentos de

Saúde e Fraternidade  
O Secretario-Perpétuo:  
JULIO DE LEMOS

Como ista epístola, d'un centro oficial da irmá Lusitania, temos recibido moitas d'ilustres escritores e políticos portugueses. O labor patriótico de facer un estreitamento espiritoal tan íntimo que romate n'un comezo d'unidade, entre a nación libre veciña e a nación galega escrava, vai por bó camiño e seguiremolo até conseguirmos algo trascendente.

A independencia do glorioso Portugal, interésanos tanto com'a nosa liberdade propia, e por ela loitaríamos se a tola hexemonía de Castela chegara a térmios absurdos. Porque namentras Portugal seia libre, nós temos esperanzas de poder conquistar o triunfo do noso ideal de Patria. Porén na Asambleia nacionalista de Lugo, como na de San-

tiago, aprobouse o que fica escrito, cal un postulado.

N'esta revista, xa tedes ollado con moita ledicia, a colaboración dos poetas portugueses mais novos, i-á de cateóricos tan sabios como o Doutor Nunes de Lisboa. Tamén víchedes recollidos traballos de Vieira e de Carballa.

Agora, axiña nos enviarán dibuxos

artistas da nación irmá d'alén o Miño. E un gran pintor do Porto ten anunciado facer unha Exposición de cuadros netabres nos salós da «Irmandade» da Cruña.

Outras xestíós d'orde segredo fánse a cotío porto da nova intelectualidá portuguesa.

E asin Portugal e Galicia, vánse estreitando, c'o soño i-a saudade d'impôren ao longo unha cultura propia ó resto da Iberia.

Axiña publicarásen en Portugal unha gran revista «A Atlántida», onde han colaborar os nacionalistas galegos, escritores e dibuxantes.

Namentras trabállase tamén pra que veñan ás librerías nosas moitos libros portugueses.

## Noso blasón

A VICTOR CASAS

*Na frente unha estrela  
No bico un cantar.*

Com'os nobres castelos que grabado levan na porta o cabaleiro escudo, así levades vos, forte e barudo o idioma enxebre dos necios despreziado

Na frente a estrela que guía hacia o [agardado

día de redenzón; no peito un rudo amor a Pátrea; no corazón, sañado odio a quen ten ó pobo engrillado.

Nos vosos beizos o cantar guerreiro, das rebeldías froito milagreiro. E grabado no fondo da conciencia.

—como lema do escudo cabaleiro— este berro firente com'o aceiro, e como o ferro duro— Independenza!  
F. ABELAIRA.

## Compra e Venda

de máquinas de coser de tódol-os sistemas.

Reparaciós e amaño das mesmas. Venda de pezas soltas, agullas e aceites.

Taller de relojería: Traballos especiaes para reloxeiros. Dirixirse a

**Manoel Pellejero**  
SAN ANDRES, 76 - baixo. — A CRUÑA

## Gran Caé da Marina

— DE —

**JOSE RODRIGUEZ de VICENTI**

Urzáiz, 11

**BAYONA**



## PENEIRANDO

Picorete, o multipresidente, o estancieiro de tódalas iniciativas, o pai da cursileiría, volveu a facernos escachar de risa.

Cando a vida se pon tan negra e tan grave ¡qué sería de nós, se Picorete non existise.

Porque veredes... Traballouse pra coquerir a Escola de Capataces e Péritos agrícolas na Cruña. Os traballos deron resultado, ó parecer. E agora, Picorete, nos xornaes dixo con moito desafogo, que gracias ó Instituto d'Estalegos—o mesmo da decire que gracias a éle—conseguiuse dita millora.

¡Haberá cousa mais chistosa? Picorete non fixo mais que pôr un telegrama a Madri, com'o puxeron outras moitas entidades locais...

Quenes traballaron arreo pra coquerir a Escola—Picorete no sabía que tiña que ser de capataces e péritos, pois de péritos solo, pouco proveito daríalle a Galicia—foron o señor Garcibarra e o señor Robredo. O señor Robredo, fixo grandes esforzos. E o señor Garcibarra fixo o ambiente, puntualizou concretamente o pleito e non folgou un sólo momento hasta tere conseguido a Escola.

¡Somos xustos ou non, señores Garcibarra e Robredo?

Por certo que despois das anteriores parolas o noso azo s'entristura.

¡E non sabedes...! Picoretiño axíña irá pr'ó outro Mundo. Abofellas que si. Picoretiño pensa ir a Montevideo representando a Estudios Galegos no Congreso galego-americán de Sánchez Mosqueira, onde terán voz e voto tódolos caciques que queiran e tódolos cursis que o deseien.

¡Oh, «el regionalismo bien entendido...»!

Pol-a custión do famoso Tribunal d'honore militar e demais andaeios espadachís, caíu o Goberno do «azucareiro» Sánchez de Toca.

As Cortes estiveron abertas unhas días. N'elas falouse de varios ferrocarrís. Os cunheiros diputados galegos non trataron pra nada do ferrocarril da Costa.

¡Inda haberá quen crea n'eles?

Señores do Comité do Ferrol, se non lles poñedes as peras a carto a eses ridículos cunheiros, podedes adicarvos a labores propias do sexo déble.

Pois non servides nin pra mandadeiros de caciques.

¡Agardaes a sufrir un novo chasco cando volvan a abrírense as Cortes?


Sodes tan... «patriotas» com'os del regionalismo, sano, práctico y bien entendido.

¡Qué galeguiños noxentos! Meredes un xugo e unhas vitillos.

Lea vostede

A Nosa Terra

O DIPUTADO POR VEIRAMAR  
NOVELA DE GONZALO LÓPEZ ABENTE



Esta interesante e modernísima novela en idioma gallego, está posta a venda nas principais librerías de Galicia.

PRECIO 3 REAS.

Compendio de Gramática Gallega

PRECIO 2 REAS

VÉNDENSE:

- |              |   |                                  |                   |
|--------------|---|----------------------------------|-------------------|
| Na Cruña     | { | Administración «A NOSA TERRA»    | } Meria Pita, 77. |
|              |   | IRMANDADE DA FALA.               |                   |
| Ferrol . . . |   | Librería de Comadira.            |                   |
| Lugo . . .   | { | Id. id. Gerardo Castro.          |                   |
|              |   | Id. id. Viuda de Alonso.         |                   |
| Santiago . . | { | Id. id. Angel Porto.             |                   |
|              |   | Id. Editorial «Eco de Santiago». |                   |
| Orense . . . |   | Id. id. Viuda Pérez Resvié.      |                   |
| Monforte . . |   | Id. Antonio Fernández Piñeiro.   |                   |

Faise c rrego de todas  
cras de traballos gra-  
ficos, en imprenta, lito-  
grafia e fotograbado,  
ansi coma sellos de  
caucho

## A Papeleira Galega

BARREIRA, 7

FR BICA DE BOLSAS DE PAPEL

DE TODAS CRAS

FOTOGABADO

A CRU A

Telef. 434

"PATENTE-SALVAVIDAS,"

O millor pra pintar os  
fondos dos barcos. Ga-  
nou Diploma de Hono-  
re, Gran premio e me-  
dalla d'ouro nas Expo-  
sici s de Par s  
e Londres.

REPRESENTANTE:

F. Bertran y Mirambell <sup>Vigo</sup> <sup>Coru a</sup>



## COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Salida do porto da Cru a para Bah a, Rio de Xaneiro, Santos,  
Montevideo e Bos- ires

O d a 2 de Noviembre de 1919, aproisimadamente e salvo continxencias, sair  do porto  
da CRU A o paquebot correo franc s


## — SAMARA —

Ademite pasaxeiros de primeira, segunda, segunda intermedia e terceira crase.

Prezo do pasaxe en terceira crase ao Brasil, Montevideo e Bos Aires Pesetas 384'60

Para mais informes dirixirse aos seus consignatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPANIA, (S. en C), Praza d'Ourense 2 B e Feix o, 2.—A CRUNA



## Compa a Chargeur Reunis

Pra os portos de MONTEVIDEO e BOS-AIRES, sair  da  
CRU A sobor do 9 d'Outono, o lixeiro e magn fico vapor

## — TROUDE —

Admite pasaxeiros de 1.  e 2.  crase e 2.  econ mica.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 354'60

» medio boleto » » » 189'60

Nenos mais novos de dous a os, un gratis por familia.

De dous a 10 a os, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 a os, pasaxe enteiro.

NOTA INTERESANTE.—As mulleres que leven nenos que non chegan aos 10 a os, chavadas pol-os seus maridos, non poder-  
embarcaren pra BOS-AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION  
de BOS-AIRES, permitindolles o desembarcaren na REPUBLICA ARGENTINA. Non te en valor algun, as cartas de chamada, autori-  
zacions, nin poderes dados ante os C nsules hespa oles.

As mulleres que se atopen n'estas condicions e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar.  
Tamen te en que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que te an MAIS de 60 ANOS e non vaian acompa ados da sua  
familia.

O d a fixo da saida anunciar se con oportunidade.

Os pasaxeiros te en de presentarse n'esta Agencia o d a 5 d'Outono pol-a ma an,

Pra informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en Hespa a,

ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OURENSE, 2—A CRU A

## LA PROVEEDORA GALLEGA

DE


### Xuan Vázquez Pereiro

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua estreita de San Andrés.--A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

Por qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós millores productos i-a limpeza mais exquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDES VOS



## GRANDES TALLERES

DE LAVADO E PRANCHADO  
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrais:

A Cruña: Cantón Pequeno, 12  
Vigo: Praza da Constitución, 12

Sucursales na Cruña:

Estreita de San Andrés, 12  
Praza de Azcárraga, 4  
Sad Agustín, 22

Sucursal en Vigo:

Circo, núm. 5

Todal-as nosas sucursales ostentan un letreiro como sinal, qu' é reprodución da marca de garantía aquí estampada.

Recíbense encargos de fora, y-espídense por meio das nosas sucursales.

Si no lugar onde vostede reside non-a-hay, sirvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encargos.

## Os viños e coñás millores

son os que se porta a casa de PEDRO DOMEQO, de Xerez Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouthe mais selecto

de mundial e reconecido sona é o ZINZANO (Torino).

## Pra viños de mesa

non hay outros com'ós dos cosecheiros esportadores Señores R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

Representante esclusivo (matriculado) de todas istas marcas:

## JOSÉ C. JUNCOSA

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A Cruña


## EL NOROESTE

### XORNAL DA CRUÑA

O millor informado da rexión galega

Longas conferencias pol-as Axencias

FABRA e RADIO (ultramoderna)



## LLOYD REAL HOLANDÉS

### AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios.

## GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saídas fixas-regulars da Cruña e Vigo, adimitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, 2.ª intermedia e 3.ª clás

Para informes respeito a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

### D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO

**EFFECTOS NAVALES**

— DE —

FERRER Y COMPAÑIA—SUCESORES

**F. BERTRAN e MIRAMBELL****Vigo e A Cruña**

CASA FUNDADA EN 1868.

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores

**GRAN FONDA****Las Cuatro Naciones****San Andrés, 102—A CRUÑA**

O novo dono dista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

**LA MODERNISTA****GRAN SALÓN DE BARBERÍA**

— DE —

**RAMOS E ACEA****San Andrés, 94-1.º—A CRUÑA**

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, locíos e friciós de todas clases.

*Nota:* N'este estabrecimento atopará o público un servizo permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías desta capital.**LA SALUD  
CASA DE BAÑOS**

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

Abonos Químicos Mineraes

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres,

Calo Bordenalés ROUCH

Rexenerador ROSTTAM pra os animais debles; pra que as galiñas poñan máis ovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizos a

**Fernández, Fano y C.ª—A CRUÑA****Materiales de Construcción**

CEMENTO ASLAND

MADEIRAS.—CARBÓN

Centro Xeneral de Seguros

Ignacio Pedregal

NA CRUÑA

**Gran H. Universal**

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO

O MAIS NOVO E MILLOB

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**Frábica Mecánica**

::: de Calzado :::

— DE —

**ANXEL SENRA****RUA XUAN FLÓREZ**

Depósito: Cantón Grande, 15

**A CRUÑA****Hotel Continental**

CASTELAR, 8 e OLMOS, 28

O MELLOR SESVIDO

— DE —

M. Losada Prado

**A CRUÑA****FARMACIA EUROPEA**

— DE —

**LOPEZ ABENTE**

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos estabrecimentos da súa crase que máis honran a Galicia. Montada con arrego ós derradeiros adiantos.

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios direitos dende o porto da Cruña

O 31 d'Outono aprosimadamente e salvo continxencias, sairá para a

**Habana e Veracruz** o rápido paquete correo**Prezos do pasaxe (incruído-os impostos)**

	Habana	Veracruz
Ponte paseo:		
Camarotes de luxo. . . . .	Ptas. 2.053'75	2.138'75
Id. exteriores. . . . .	» 1.668'75	1.753'75
Primeiracrase. } Ponte superior:		
	» 1.498'75	1.593'75
	» 1.293'75	1.378'75
	» 1.293'75	1.378'75
	» 1.103'75	1.088'75
Segunda crase. . . . .	» 808'60	798'60
Preferencia. . . . .	» 328'60	343'60
TERCEIRA CRASE. . . . .		

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente.  
O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza  
Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.  
Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario

D. NICANDRO FARINA.—Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo